

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO CIRCUÍTO DE CARREIRAS SAUDABLES CORRESÁN

Dunha parte, D^a. Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Iván Pablo Sanmartín Carreira, con documento nacional de identidade número 33293679Y, Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, con domicilio en A Coruña, Avda. de Glasgow nº 13, complexo Deportivo Elviña, con CIF G15103500, co número de Rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte F-0324.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica, no artigo 31.5 das Bases de execución do orzamento municipal para o ano 2025.
- IV. Que o Concello de Santiago, para levar a cabo, coa colaboración da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO (en adiante FGATLETISMO), o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento municipal para o ano 2025, achegando a cantidade de **vintecinco mil euros (25.000.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 070 34100 4890015.

E, polo que as partes

CONVEÑEN

1º.- Que é obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión do atletismo a través da realización do circuítu de carreiras saudables CORRESÁN, composto por un total de

cinco probas. Polo que a FGATLETISMO comprométese a organizar e desenvolver estas actividades deportivas, que terán lugar en diferentes barrios da cidade os días 08/06, 12/07, 14/09, 11/10 e 15/11 de 2025.

2º.- A FGATLETISMO, como organizadora do circuío CORRESÁN, farase cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento da actividade co fin de garantir un correcto desenvolvemento da mesma, ademais de definir e aplicar unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preserve a igualdade entre os participantes e establecerá as condicións da competición.

A FGATLETISMO manifesta a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que posibilitaron a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como acadar os permisos que son necesarios ante as autoridades e organismos que correspondan, e aplicar aquelas normas e regulamentos que son de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

3º.- As 5 probas do circuío de carreiras saudables Corresán desenvolveranse en diferentes barrios da cidade, sendo responsabilidade da FGATLETISMO adoptar todas as medidas de seguridade, control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinan as normativas existentes e os propios plans de evacuación/autoprotección dos recintos, se existen.

A maiores, a entidade disporá dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que puideran derivarse da organización desta competición, que da cumprimento ao establecido na lexislación vixente de espectáculos e actividades recreativas de Galicia. Ao mesmo tempo, a entidade terá contratado un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo.

En consecuencia, a súa organización supón asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba que garantan, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

4º.- A FGATLETISMO obrígase a publicitar a colaboración do Concello de Santiago de Compostela. En todo tipo de publicidade e información farase constar a colaboración municipal para o desenvolvemento desta actividade mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e cartelería en xeral, así como de forma claramente visible, nos percorridos de competición.

5º.- FGATLETISMO comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

5.1.- Solicitude debidamente cumprimentada (modelo *CS006DN Subvención Nominativa en Materia de Deportes*), que inclúe unha declaración responsable nos seguintes termos:

- Os datos que aporte en calquera fase do procedemento deben ser reais e comprométese a cumprir as condicións esixidas por convenio
- Reunir as condicións esixidas no convenio para ser beneficiario da subvención, e comprométese a cumprir todas as obrigas incluídas nela, así como a

demostrar documentalmente todos os datos que figuren na solicitude se así fose requirida.

- Cumprimento de todas as obrigas regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e igualdade entre mulleres e homes.
- En cumprimento do disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xertal de Subvencións, a entidade solicitante non se atopará en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos.

5.2.- Documentación xeral da entidade:

- a) Copia do CIF da entidade.
- b) Copia do documento de constitución.
- c) Copia dos estatutos vixentes da entidade.

No suposto de non empregar un certificado dixital de representante de persoa xurídica, tamén aportará:

- d) Acreditación da representación da persoa solicitante.
- e) NIF da persoa representante.

Se dita documentación obra xa en poder do Concello de Santiago (Departamento de Deportes) e non sufriu ningunha modificación, farase constar segundo o modelo normalizado **"DEP-NOM-A-III-01. Aproveitamento documentación preexistente"**.

5.3.- Certificación oficial federativa comprometéndose á organización das actividades, así como as datas de celebración das mesmas.

5.4.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e prace da Presidencia, do orzamento detallado de ingresos e gastos previstos para a realización das actividades.

5.5.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita, para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento se expresamente se marca esta opción na solicitude oficial (modelo CS006DN Subvención Nominativa en Materia de Deportes).

O Departamento de Deportes solicitará de oficio a certificación de estar ao corrente no pago co Concello de Santiago.

5.6.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta e no que conste o BIC e o IBAN.

5.7.- Escrito asinado pola Presidencia da entidade no que se recolla expresamente cales son os conceptos de gastos obxecto de subvención e cantidades a incluír no apartado 7 do Convenio. Estes conceptos de gasto deberán:

- Estar directamente relacionados coa actividade e non se considerarán os de carácter estrutural e/ou inventariable.
- Figurar de modo explícito no orzamento da actividade.

A entidade cubrirá a tal efecto o modelo **“DEP-NOM-A-III-04A. Relación de conceptos de gasto do convenio”**.

5.8.- Solicitud de anticipo, asinada pola Presidencia da entidade, segundo o modelo normalizado **“DEP-NOM-A-III-06.Solicitud de pago anticipado”**.

6º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

7º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2025 a FGATLETISMO _ coa cantidade de **25.000.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 070 34100 4890015, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a organización das competicións/actividades indicadas no punto 1º deste convenio.

7.1.- Destes 25.000.-€, a efectos de xustificación, 15.000.-€ estarán vinculados coas **3 primeiras carreiras do circuíto de carreiras saudables Corresán (8 de xuño, 12 de xullo e 14 de setembro de 2025)**, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2025.

Concepto	Importe (€)
Servizo de ambulancias	2.700,00
Montaxe de trusss de saída/meta, carpas, megafonías, recollida e colocación de material publicitario e montaxe de avituallamentos	6.600,00
Servizo de locución e speaker	780,00
Aluguer equipo de chip saída/meta e puntos intermedios, chps, dorsais e imperdibles	4800,00
Montaxe, colocación e transporte de vallas con persoal	3.900,00
Redes Sociais e fotografía	1.500,00

Video resumo	1.150,00
Total	21.430,00

7.2.- Os 10.000-€ restantes, a efectos de xustificación, **estarán vinculados coas 2 últimas carreiras do circuíto de carreiras saudables Corresán (11 de outubro e 15 de novembro de 2025)**, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que deberán figurar obrigatoriamente no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2025.

Concepto	Importe (€)
Servizo de ambulancias	1.800,00
Montaxe de trusss de saída/meta, carpas, megafonías, recollida e colocación de material publicitario e montaxe de avituallamentos	4.400,00
Servizo de locución e speaker	520,00
Aluguer equipo de chip saída/meta e puntos intermedios, chip, dorsais e imperdibles	3200,00
Montaxe, colocación e transporte de vallas con persoal	2600,00
Servizo de autobús	1.815,00
Total	14.335,00

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado por FGATLETISMO para cada unha das actividades indicadas.

8º.- Para a **xustificación dos gastos sinalados no apartado 7.1** do convenio: Prevese a realización dun **pago a conta**, en virtude do establecido no artigo 34.4 da Lei 8/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e do artigo 65.3.d) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento. Os gastos a xustificar para os pagos a conta irán referidos ás tres primeiras probas do circuíto (8 de xuño, 12 de xullo e 14 de setembro de 2025). Para facer efectivo o pago a conta é condición necesaria que a FGATLETISMO debe presentar no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, a través da sede electrónica, **con data límite do 15 de outubro de 2025**, a documentación requirida exposta nos apartados 8.1 a 8.6.

- Para a **xustificación dos gastos sinalados no apartado 7.2** do convenio:

Segundo o establecido na cláusula 16ª, prevese a realización dun **pago anticipado da parte da subvención prevista no apartado 7.2 do convenio, que ascende a 10.000 € (que suón una porcentaxe do 40% sobre o total da subvención)**, en virtude do establecido no artigo 34.4 da Lei 8/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e

do artigo 65.3.d) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

A FGATLETISMO debe presentar no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, a través da sede electrónica, **con data límite do 31 de decembro de 2025**, a documentación requirida exposta nos apartados 8.1 a 8.6.

8.1.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido os compromisos especificados na cláusula 4º do presente convenio. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado **“DEP-NOM-X-II-01. Declaración de cumprimento de compromisos do convenio”**.

Presentaranse unha **memoria detallada** con xustificantes de recortes de prensa, fotografías, resultados deportivos, así como modelos de cartaces, entradas, abonos..., se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio. A tal efecto, atenderase ao establecido no modelo normalizado **“DEP-NOM-X-II-02. Memoria xustificativa actividades”**.

8.2.- Documento coa relación detallada de todos os gastos realizados obxecto da subvención, asinada pola presidencia da entidade, a efectos de facilitar a tramitación administrativa da xustificación do convenio, que deberán corresponderse cos conceptos de gasto e contías que figuran na cláusula 7º do presente. A tal efecto, cubrirase o modelo normalizado **“DEP-NOM-X-II-03. Relación de gastos”**.

Con carácter xeral, a relación de gastos deberá vir ordenada cronoloxicamente e por conceptos de gasto, tal e como se establece no modelo normalizado.

8.3.- Facturas ou documentos substitutivos correspondentes a todos os gastos obxecto da subvención, todos eles referidos ao ano 2025, **ordenadas cronoloxicamente segundo a relación de gastos indicada no apartado 8.2.** así como acreditar o seu pagamento antes da data límite de xustificación.

Con carácter xeral presentaranse estes documentos da seguinte forma: factura ou documento substitutivo e, a continuación, xustificante/s de pagamento de dita factura ou documento substitutivo.

Excepcionalmente, baixo o criterio do Departamento de Deportes, poderán aceptarse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, nas que se fagan referencia a importes correspondentes ao ano 2025 e aboados no ano 2025, sempre e cando veñan acompañadas dos xustificantes bancarios e non existan facturas ou documentos substitutivos.

A acreditación do pago realizarase por algunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante transferencia bancaria, coa copia do xustificante do cargo no que deberá figurar o concepto da transferencia, o número de factura ou, de non a haber, o concepto aboadado.
- Excepcionalmente, aceptárase o pago con tarxeta, debidamente xustificado. A entidade deberá aportar certificación bancaria do extracto de movementos da tarxeta. De non quedar claro en dito documento, a entidade deberá aportar declaración aclaratoria, asinada pola Presidencia da entidade, onde se especifique o tipo de gasto, data e cantía información se estime oportuna.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 7ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos da entidade para cada actividade, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificado supere o importe da subvención recollida no mesmo.

8.4.- Declaración asinada pola Presidencia da entidade na que se expresen, baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. A tal efecto cubrirase o modelo normalizado “**DEP-NOM-X-II-04. Declaración doutras axudas (convenios de actividade)**”.

8.5.- Certificación da entidade, asinada pola Secretaría co visto e praxe da Presidencia, coa **liquidación do orzamento de gastos e ingresos da actividade**.

8.6.- No momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

9º.- O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2025.

10º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

11º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

12º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a entidade beneficiaria, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

13º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencia ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto sétimo deste convenio, realizaranse con suxeición ás

normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

14º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

15º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta: **ES82 2080 0068 7830 4001 9194 (CAGLESMMXXX).**

16º.- Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto: na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.

Atendendo á solicitude presentada por FGATLETISMO, prevese a existencia dun pago anticipado, en virtude do establecido no artigo 34.4 da Lei 8/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e do artigo 65.3.d) do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

A tramitación do pago anticipado estará condicionada a que se cumpran as seguintes circunstancias:

- Que a actividade/competición obxecto de subvención non estea realizada.
- Que o presente convenio estea asinado e aprobado con dez días de antelación á realización da actividade/competición.

Dado que varias carreiras desenvolveranse con posterioridade á aprobación do convenio, a porcentaxe do pago anticipado será polo **40%** da subvención, vinculado a dúas das cinco probas do circuíto de carreiras saudables Corresán a celebrar o 11 de outubro e o 15 de novembro de 2025. Por tanto, o importe total do anticipo será de **10.000,00.-€**.

A entidade beneficiaria da subvención queda exonerada de constitución de garantía en virtude do establecido no artigo 42.2.d do citado Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

No momento inmediatamente anterior ao pago deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

17º.- O Concello de Santiago está comprometido cos obxectivos en prol do uso do galego que se derivan da normativa xeral polo que impulsa o seu uso en todos os ámbitos, incluído o deportivo. É polo anterior polo que a entidade asinante, perceptora de axudas económicas procedentes de fondos municipais, potenciará e promoverá o

uso do idioma galego mediante as comunicacións e realización de actividades, xa sexa por medios orais, escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.

18º.- A entidade asinante colaborará en actuacións en prol da igualdade de xénero e contra a violencia machista promovidas polo Concello de Santiago.

19º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

20º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

21º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Pola FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

Asdo.: Goretti Sanmartín Rei
ALCALDESA

Asdo.: Iván Pablo Sanmartín Carreira
PRESIDENCIA